

## **PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA O AMAÑO DOS VEHÍCULOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

O obxectivo do presente Prego de Prescricións Técnicas é definir os diferentes arranxos de chapa, pintura, electricidade, tapicería e rotulación nos diferentes vehículos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

Os vehículos nos que se van facer os arranxos son:

**VEHÍCULO IVECO ----- MATRÍCULA: 4310 DBC**

**VEHÍCULO MAN ----- MATRÍCULA: 3600CDP**

### **IMPORTE DO CONTRATO**

O orzamento do contrato, obxecto do presente procedemento establécese na cantidade de:

PRESUPOSTO BASE TOTAL: 32.853 €

TIPO IVE APLICABLE: 21%

IMPORTE IVE TOTAL: 6.899,13 €

PRESUPOSTO BASE TOTAL LICITACIÓN IVE INCLUIDO: 39.752,13€

### **PRAZOS PARA ARRANXAR OS DOUS VEHICULOS.**

O prazo máximo para arranxar os dous vehículos será de 30 días.

### **RECOLLIDA E ENTREGA DOS VEHICULOS.**

O adxudicatario do contrato recollera e entregara os vehículos no Parque de bombeiros de Santiago de Compostela.

### **VEHÍCULO IVECO ----- MATRÍCULA: 4310 DBC**

Descrición dos seguintes traballos a realizar neste vehículo:

Desmontar e volver a montar a cabina completa para pintado, desmontar luces de estrada, de enerxía, espellos, gardalamas, defensa, estribos, etc... Desmontar porta de condutor e copiloto, reparando apertura e peche da porta tanto desde o interior como exterior, descolgues de bisagras, elevavidros eléctricos e manuais, sistemas eléctricos e manuais de corrección de retrovisores. Reparar tapa da guanteira de fusibles. Reparar escaleiras de subida a piloto, copiloto. Reparar todos os golpes da carrozaría e chapas corrugadas da plataforma. Pintado de toda a carrocería incluíndo a parte

superior da cabina. Cambiar ou arranxar calquera peza de plástico, goma, ou metálica do vehículo que este rota ou danada.

Desmontar todas as persianas laterais e traseiras de carrozaría, portas de arquillas, luces laterais e traseiras. Cambiar as lamas e peche estragados das persianas que esten mal. Reparación de todos os golpes, preparado, imprimado e pintado de carrozaría completa incluído a parte superior e as persianas. As persianas terán o mesmo acabado de brillo e cor que a chapa.

As cores a utilizar serán:

Defensas: cor amarela "Euro Yellow RAL 1026"

Cabina, carrozaría e persianas: vermello RAL 3000

Lamias: negro RAL 9011

As pezas plásticas ou de chapa que estean en negro tentárase respectar a cor actual, renovando a cor con algún produto ou pintado.

Limpeza, desengraxado e abrillantado da parte de chapa do brazo articulado. Limpeza, desengraxado e volver a engrasar todas as pezas do brazo articulado, así como monitor da auga, articulacions da cesta e coroa do brazo articulado. Pintado de pistóns principais. Revisión e posta a punto da cesta en chapa e pintura. Realizar tapa metálica para as catro botellas de aire que están á beira do asento de manexo do brazo.

Lavado interior de todas as arquillas. Cambiar peches de portas arquillas de chapa dianteiros. Colocación de soporte e eslingas individuais, para compartimentar as manguerías. Montaxe de interiores de arquillas. Instalación en cada unha das persianas e das primeiras arquillas con porta de chapa, de dúas tiras de LED de alta luminosidade cun mínimo de IP67. Irán paralelas en todo o longo das guías de apertura e peche de persianas. Revisión e arranxo dos sistemas de peche e apertura das persianas. Colocación de guías aeronáuticas e agarres para suxección do material nas arquillas, colocación de soporte para manguerías en arquilla traseira. Reforzar a estrutura do carro do xenerador, cambiando os rodamentos e facendo unha posta a punto.

Montaxe de todas as persianas e revisión das mesmas. Cambiar as xuntas das guías das persianas. Tensar e reparar o mecanismo das persianas. Cambiar gomas das guías de todas as persianas. Montar portas de arquillas e axustar os peches.

Desmontar asentos interiores lavado completo de toda a cabina polo interior, tapizados, asentos, etc. Cambiar tapizado na parte do asento no condutor, copiloto e acompañante. Poñer fundas de diferentes cores nos repousacabezas coas abreviaturas en cor negro: B1 en vermello, BC1 en verde, MANDO -1 en amarelo. Cambiar gomas de peche de todas as portas da carrozaría. Colocar tira tipo LED en interior de cabina, conmutado a ambos os dous lados.

Colocación de catro faros micro LED en grella frontal cor azul. Colocación de un faro micro led, cor azul, en cada un dos aleróns decorativos laterais que están entre as portas e a parte dianteira. Cambiar os focos de emerxencia dianteiros, laterais e traseiros por focos rectangulares LED cor azul. Na parte traseira irán instalados catro focos led de cor azul. Instalar iluminación tipo vertical LED cor azul en subida de escalinatas para plataforma de escaleira, con interruptor. Instalación de focos led diante das persianas para visualización parte exterior da arquilla.

Instalación de dous rotativos halóxenos cor azul na parte superior da cabina. Terán lente policarbonato resistente a golpes, motor con engranaxe e correa de larga duración. Homologado R65.

Cambiar calquer foco ou tulipa de iluminación, freado e sinalización que este en mal estado ou roto.

Colocación dun sistema de camaras 360 grados Backeye@360 ou similar.

É un sistema intelixente de cámaras con pantalla que axuda nas maniobras a pouca velocidade e ofrece o conductor unha visión a tempo real dos arredores do vehículo e nunca soa imaxen. Funciona con catro cámaras de obxectivo ultra gran angular. Cada cámara abarca un lado completo do vehículo cun ángulo de visión de máis de 180°. As cámaras calibradas están montadas no alto e na parte frontal, lateral e posterior do vehículo e captan o entorno completo, incluíndo os puntos cegos do vehículo. As catro imáxenes en directo se envían simultaneamente a unha unidade de control da pantalla do conductor, vendo unha única imaxe clara, nítida a tempo real.

Colocación dun sistema de detección por ultrasonidos formado por:

Pantalla de sensor ultrasónico mediante un aviso acústico e un aviso visual da distancia, alerta o conductor dun obxecto na area detección. Aviso acustico mediante un zumbador na cabina.

O sistema levará 4 sensores na parte posterior do vehículo e 4 sensores en cada un dos laterais do vehículo.

## **VEHICULO MAN NODRIZA ----- MATRICULA: 3600CDP**

Descrición dos seguintes traballos a realizar neste vehículo:

Desmontar cabina completa para pintado, desmontar luces de estrada, de enerxía, espellos, gardalamas, defensa, estribos, etc... Desmontar porta de condutor e copiloto reparando apertura e peche da porta tanto desde o interior como exterior, descolgues de bisagras, elevavidros eléctricos e manuais, sistemas eléctricos e manuais de corrección de retrovisores. Reparar tapa da guanteira de fusibles. Reparar escaleiras de subida a piloto, copiloto. Reparar todos os golpes de carrozaría. Subministración e colocación de embebecedores baixo portas de arquillas de cabina. Arranxo do peche do pequeno armario na parte superior do gardalamas. Arranxar gardalamas dereito. Facer

e colocar chapas de aluminio nos costados do depósito, para facer os laterais lisos, para facilitar a rotulación. Cambiar ou arranxar calquera peza de plástico, goma, ou metálica do vehículo.

Desmontar todas as persianas laterais e traseiras da carrozaría, portas de arquillas inferiores, luces laterais e traseiras, escaleira de subida, etc. Cambiar as lamias e peche estragados das persianas. Reparación de todos os golpes, preparado, imprimado e pintado de carrozaría completa incluído a parte superior da cabina e da carrozaría traseira e as persianas. As persianas terán o mesmo acabado de brillo e cor que a chapa.

As cores a utilizar serán:

Defensa: cor amarela "Euro Yellow RAL 1026"

Cabina, carrozaría e persianas: vermello RAL 3000

Lamias: negro RAL 9011

As pezas plásticas ou de chapa que estean en negro tentarase respectar a cor actual, renovando a cor con algún produto.

Lavado interior de todas as arquillas, substituír eslingas de amarre de carga e de peche de persianas. Modificar eslingas e sistema de mangueras colocando eslingas individuais en cada manguera. Montaxe de interiores de arquillas. Instalación en cada unha das persianas e nas primeiras arquillas con porta de chapa, de dúas tiras de LED de alta luminosidade cun mínimo de IP67. Irán paralelas en todo o longo das guías de apertura e peche de persianas. Instalar guías aeronáuticas e sistemas de ancoraxe de material. Revisión e arranxo dos sistemas de peche e apertura das persianas.

Instalar amortecedores e cambiar os peches de apertura das arquillas de chapas situadas na parte inferior da persiana. Revisar e arranxar guías das banquetas situadas na parte inferior das persianas traseiras. Montaxe de todas as persianas e revisión das mesmas. Tensar e reparar o mecanismo das persianas. Cambiar gomas das guías de todas as persianas. Montar portas de arquillas e axustar os peches.

Desmontar asentos interiores lavado completo de toda a cabina polo interior, tapizados, asentos, etc. Cambiar tapizado asento do piloto e copiloto. Poñer funda nos repousacabezas coas abreviaturas: BC1 en verde, MANDO-1 en amarelo. Cambiar gomas de peche de todas as portas da carrozaría. Colocar tiras tipo LED en interior de cabina, conmutado a ambos os dous lados. Cambiar chan de goma de parte dianteira (colocárase un de goma ou chapa corrugada).

Montaxe de toda a cabina de novo. Arranxar escaleira de subida ao condutor e copiloto.

Colocación de catro faros micro LED en grella frontal. Colocación de un faro micro led, cor azul, en cada un dos alerons decorativos laterais que están entre as portas e a parte dianteira. Cambiar os focos de emerxencia dianteiros, laterais e catro traseiros por focos rectangulares LED de cor azul. Poñer focos led (luz branca) para iluminación

na parte dianteira de cada persiana. Cambiar as tulipas e focos de iluminación, freado e sinalización, que esten en mal estado ou rotos.

Instalación de un puente sinalización de emerxencia ARCUS o similar, de 2 niveis, 2 módulos de 22 LED DE 3w cada uno, 24v, con altavoz integrado en el puente, potencia 100w, conector de techo 19 vías con cableado y kit de anclaxe fixo a techo. Cor azul. Homologado R65. As dimensións ocuparan o ancho da cabina aproximadamente.

Colocación de carro extraíble na parte superior, máx g 2000 de largo 3300mm. para baixar unha escaleira ou os mangotes de aspiración sen subir a parte superior.

Colocación dun sistema de cámaras 360 grados Backeye@360 ou similar.

É un sistema intelixente de cámaras con pantalla que axuda nas maniobras a pouca velocidade e ofrece o conductor unha visión a tempo real dos arredores do vehículo e nunca soa imaxe. Funciona con catro cámaras de obxectivo ultra gran angular. Cada cámara abarca un lado completo do vehículo cun ángulo de visión de máis de 180°. As cámaras calibradas están montadas no alto e na parte frontal, lateral e posterior do vehículo e captan o entorno completo, incluíndo os puntos cegos do vehículo. As catro imaxes en directo se envían simultaneamente a unha unidade de control da pantalla do conductor, vendo unha única imaxe clara, nítida a tempo real.

## **ROTULACIÓN DOS VEHÍCULOS**

A rotulación dos vehículos e imaxe corporativa será igual nos dous vehículos, tendo que axustarse ás medidas e características de cada un. Constará dos seguintes elementos:

- Lenda invertida "BOMBEIROS"
- Pictograma con auricular de teléfono e numeración 112
- Referente institucional de Bombeiros. (Escudo do Corpo)
- Logotipo do Concello de Santiago de Compostela.
- Bandas reflectoras de contornos laterais formando un patrón Battenburg en cor amarela limón flúor.
- Bandas reflectoras na parte traseira formando un patrón Chevron, en cor amarela limón flúor e vermello.
- Identificador do vehículo na lúa dianteira e na parte superior da cabina (visión de helicóptero).

O material será unha lamina retrorreflectantemicroprismas metalizada flexible clase RA2, 3M de cor amarela limón flúor e na parte traseira incluírá o vermello. Será propio para a súa instalación en vehículos de servizos de emerxencia.

Serán comúns aos dous vehículos as seguintes especificacións:

**Lenda "BOMBEIROS" en parte dianteira.**

Tipografía: Gill Sans Bold altura aproximada 12,5 cm. Invertido para a súa correcta lectura a través de espellos retrovisores.

Cor: Amarelo limón Flúor

**Pictograma con auricular de teléfono e numeración 112**

Tipografía: Gill Sans Bold

O tamaño adecuácese ao lugar de colocación

Cor: Amarelo limón flúor.

**Referente institucional de Bombeiros. (Escudo do Corpo)**


O tamaño adecuarase ao lugar de colocación. A cor ou cores do escudo tomarase a decisión previamente.



**Logotipo do Concello de Santiago de Compostela.**

O tamaño adecuarase ao lugar de colocación.

A cor será amarelo limón flúor.



**Patrón Chevron ou Bandas en espíña de peixe a 45°**

Localización: cubrindo a totalidade da parte traseira dos vehículos incluída a persiana. No caso de que os vehículos incorporen un protector de chapa para o cabrestante na parte dianteira, cubrirase tamén co patrón Chevron.

Cor: Amarelo limón flúor e vermello.



### **Patrón Battenburg nos laterais.**

Ao longo dos laterais dos vehículos porase unha rotulación formada por dúas filas de rectángulos (estilo taboeiro de xadrez) ocupando dende os cristais das portas dianteiras até a zona baixa do vehículo incluída as aletas deste.

Cor: Amarelo limón Flúor



### **Identificador de cada vehículo.**

Localización: Na parte dereita do parabrisas (lado contrario ao condutor) Tipografía: Gill sans bold.




### **Identificador de cada vehículo na parte superior da cabina.**

Situarse na zoa superior da cabina ocupando a gran maioría do espazo.

Nos vehículos con cabina simple axustarase ao espazo que quede entre a ponte de luces e a carrozaría.

A cor será amarelo Limón flúor.



Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018.

Asdo.: Antonio Gigirey Amado, cabo do servico de extinción de incendios

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'Antonio Gigirey Amado'.